

## Convocatoria de predocorais para formación de doutores (antigas FPI) - 2022

### Convocatoria 2022

#### Datos xerais

|  |   |
|--|---|
| Convocatoria   | <a href="#">ENLACE MINISTERIO CONVOCATORIA</a>  |
| Descrición   | Axudas para contratos predocorais para a formación de doutores/as contemplada no Subprograma Estatal de Formación do Programa Estatal para Desenvolver, Atraer e Reter Talento, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023, en réxime de concorrencia competitiva e aplicando os principios de publicidade e obxectividade.  |
| Obxectivos   | <p>As axudas teñen como obxecto a formación de doutores/as mediante o financiamento de contratos laborais, baixo a modalidade de contrato predocorais, #a fin de que o persoal investigador predocorais en formación realice unha tese doutoral asociada a un proxecto de investigación financiado polas axudas para proxectos de I+D do Subprograma Estatal de Xeración de Coñecemento no marco do Programa Estatal para Impulsar a Investigación Científico-Técnica e a súa Transferencia, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023, ou un proxecto de I+D que se execute nun centro de I+D que obtivese unha axuda no marco das convocatorias de Apoio a Centros de Excelencia Severo Ochoa e Unidades de Excelencia María de Maeztu, do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, correspondentes a 2018, 2019, 2020 e 2021, ou un proxecto de investigación que se desenvolva dentro dunha liña de investigación prioritaria para o ano 2022, fixada polo Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA) do CSIC e que se execute nun centro público de I+D+i de investigación agraria e alimentaria, dependente dunha Comunidade Autónoma, e participante na Comisión Coordinadora de Investigación Agraria INIA(CSIC)-CCAA.</p> <p>Á súa vez, as axudas teñen por obxecto financiar a contratación laboral, durante un período de orientación postdoutoral (en diante POP) dunha duración máxima de 12 meses, daquelas persoas que obteñan o título de doutor/a con antelación á finalización da axuda predocorais, @teniendo en cuenta que, en calquera caso, o total da axuda non pode exceder os 48 meses.</p> |
| Proceso de presentación para participar nesta convocatoria | <p>Prazo de presentación de solicitudes, desde o <b>12 de xaneiro de 2023</b> ata o <b>26 de xaneiro de 2023</b></p> <p><a href="#">Acceso á solicitude</a></p> <p>Preguntas administrativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <a href="#">Enlace</a></li> </ul>  |
| Información sobre a convocatoria                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- USC: <a href="#">Contacto de información USC</a></li> <li>- Teléfono USC: 881816252 – 881816217 - 881816213</li> </ul>   |